

## Actividades sobre evolución humana

1. A evolución humana é un proceso:

- a) Sobre o que temos un coñecemento total e completo.
- b) Complexo, con varias ramificacións e en gran parte todavía descoñecido
- c) Continuo e lineal, dende as especies de homínidos máis antigas ata as modernas.

2. Das ideas de Darwin despréndese que:

- a) A especie humana actual procede do chimpancé.
- b) A especie humana actual procede do gorila.
- c) A especie humana actual, gorila e chimpancé teñen un antepasado en común.

3. Os logros claves no proceso de hominización foron:

- a) Postura bípeda e poder montar en bicicleta.
- b) Locomoción bípeda, desenvolvemento do cerebro e invento do ordenador.
- c) Locomoción bípeda, desenvolvemento do cerebro e adquisición de linguaxe articulada.

4. A hominización é un proceso:

- a) No que hai que estudar o eslabón perdido entre humanos e chimpancé.
- b) No que aparecen varias ramificacións e aínda non se coñece na súa totalidade.
- c) Que se inicia nada máis extinguirse os dinosauros.

5. A cuna dos nosos primeiros antepasados foi:

- a) África oriental y meridional.
- b) África occidental.
- c) África insular.

6. O primeiro homínido en extenderse por todo o planeta foi:

- a) *Homo ergaster*.
- b) *Homo sapiens*.
- c) *Homo neanderthalensis*.

7. Os xacementos de Atapuerca destacan por:

- a) Atoparse restos fósiles dos primeiros europeos.
- b) Porque hay pegadas de dinosauros fosilizadas ( icnitas).
- c) Polas pinturas rupestres.


8. *Homo antecessor* significa:

- a) Home traballador.
- b) Home que camina ergueito.
- c) Home pioneiro.

9. A única especie do xénero *Homo* que non se extinguiu é:

- a) *Homo neanderthalensis*
- b) *Homo ergaster*
- c) *Homo sapiens*

- Que representa a seguinte imaxe?



-Que cambios observas nos cranios dos seguintes homínidos?

